



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 25 DE FEBREIRO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 14,00 horas do día 25 de febreiro de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 24-02-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais:

Dna. Margarita Parajó Calvo
Dna. Carmen Pintado
D. Alberto Escariz Couso
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela

Secretaria: Dna. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión polo Sr. Presidente, se procede a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Entrega dos informes nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) **Procedemento aberto para a contratación da concesión do servizo de aparcamento baixo a praza de Portugal (expediente 429-449)**

Entregase o informe da Xefa do servizo de Transportes, de data 22 de febreiro de 2016, no que se pon de manifesto a existencia de contradicións entre os datos consignados polos licitadores na proposición relativa ós criterios avaliáveis mediante fórmula con relación ó plan económico financeiro do aparcadoiro. Así mesmo, contesta as alegacións presentadas por INTERPARKING HISPANIA, S.A., en datas 21 e 23 de decembro de 2015, relativas á valoración das proposicións dos licitadores dos criterios avaliáveis mediante fórmula.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 02:53	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4C-E6CE4F-2DD63A-VVH7ZG-Z8ZXKA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.

a) Procedemento aberto para a contratación da concesión do servizo de aparcamento baixo a praza de Portugal (expediente 429-449)

Aceptase o informe da Xefa do servizo de Transportes, de data 22 de febreiro de 2016, no que se pon de manifesto a existencia de contradicións entre os datos consignados polos licitadores na proposición relativa ós criterios avaliábeis mediante fórmula con relación ó plan económico financeiro do aparcadoiro. Así mesmo, contesta as alegacións presentadas por INTERPARKING HISPANIA, S.A., en datas 21 e 23 de decembro de 2015, relativas á valoración das proposicións dos licitadores dos criterios avaliábeis mediante fórmula.

Transcríbese á continuación ó citado informe:

“Na aplicación dos criterios de valoración mediante fórmula previstos na cláusula 16 do Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión do servizo público do aparcadoiro situado na praza de Portugal, considerando a oferta e o contido do Plan económico-financeiro esixido na cláusula 14 do Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión do servizo público do aparcadoiro, observase o seguinte en relación cos criterios 2.3 e 2.4

2.3 Porcentaxe de diminución do importe dos abonos mensuais de automóviles previstos na cláusula 8 PCAP : se valorara con ata 10 puntos.

A empresa CONTINENTAL PARKING S.L oferta un 99% de diminución na tarifa para abonos mensuais de automóviles sendo a tarifa para os abonos de no residentes 1,44 € sen que no desenrolo do Plan Económico Financeiro contemple o numero de abonos de non residentes que incorporaran ao servizo .

A empresa EMPARK APARCAMENTOS E SERVIZOS S.A. oferta un 95% de diminución da tarifa para abonos mensuais de automóviles sendo a tarifa para os abonos de no residentes 7,19 € sen que no desenrolo do Plan Económico Financeiro contemple o numero de abonos de non residentes que incorporaran ao servizo.

A EMPRESA UTE EMSERCO , SOGESEL , INGESER , ATLANTICA, oferta un 30,46 % de diminución na tarifa de abono normal para automóviles sendo a tarifa para os abonos de no residentes e 100.01 € sen que no desenrolo do Plan Económico Financeiro contemple o numero de abonos de non residentes que incorporaran ao servizo.

Na CLAUSULA 14 SOBRE C PLAN ECONOMICO FINANCEIRO do Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 02:53	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4C-E6CE4F-2DD63A-VVH7ZG-Z8ZXKA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

do servizo publico do aparcadoiro, observase o seguinte :“ de forma xeral o Plan económico financeiro debera conter unha memoria explicativa dos valores adoptados para as variables fundamentais que interveñan na proposta, así como as hipóteses realizadas para a súa evolución a lo largo do período concesional:

Nos plans económico-financeiros destas empresas non se contempla a implantación deste tipo de abonos, considerándose que non pode ser obxecto de valoración as tarifas ofertadas por estes licitadores, cando non se prevee que existan no funcionamento diario do aparcadoiro .

Polo exposto considerase que no presente caso e para as ofertas presentadas por estas empresas seria de aplicación o disposto no apartado final da cláusula 14 do Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión do servizo publico do aparcadoiro situado na praza de Portugal , segundo o cal a mesa en resolución motivada excluírá da licitación as proposición nas que conorra algunha das seguintes circunstancias: “que a proposición avaliable mediante formula non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida “

Non obstante e con anterioridade a proceder a exclusión destas empresas do proceso de licitación , pola Mesa de Contratación si así o estima convínste poderá solicitarse aclaración sobre en que paxina e con que numero, se prevee o numero de abonos de no residentes que existiran no aparcadoiro .

2.4. Incremento do porcentaxe de prazas reservadas para residentes: se valorara con ata 8 puntos .

En relación co este criterio 2.4 “INCREMENTO DA PORCENTAXE DAS PRAZAS RESERVADAS PARA RESIDENTES” , as ofertas presentadas polas empresas non son homoxéneas . Do exame das ofertas efectuadas por cada un dos licitadores conclúese que partiron de bases diferentes para efectuar as súas ofertas .

Contido das ofertas :

- A empresa CONTINENTAL PARKING S.L “ propón un 39 % de porcentaxe de incremento das prazas reservadas para residentes, resultando un total dun 25 % das prazas do aparcadoiro reservadas a residentes “. No Plan económico-financeiro presentado pola empresa, o numero total de prazas do aparcadoiro son 227 prazas e as prazas reservadas a residentes son 77, polo que non hai coherencia entre



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 02:53	Páxina 3 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4C-E6CE4F-2DD63A-VVH7ZG-Z8ZXKA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

uns datos e outros .

- A empresa EMPARK APARCAMENTOS E SERVIZOS S.A. propón un 15% de porcentaxe de incremento das prazas reservadas para residentes, resultando un total dun 35 % das prazas do aparcadoiro reservadas a residentes “ . No Plan económico-financieiro presentado pola empresa, o numero total de prazas do aparcadoiro son 200 prazas e as prazas reservadas a residentes son 64, polo que non hai coherencia entre uns datos e outros .
- A empresa UTE EMSERCO , SOGESEL , INGESER , ATLANTICA propón un 7,94 % de porcentaxe de incremento das prazas reservadas para residentes, resultando un total dun 27,94 % das prazas do aparcadoiro reservadas a residentes “ No Plan económico-financieiro presentado pola empresa, o numero total de prazas do aparcadoiro son 192 prazas e as prazas reservadas a residentes son 56, polo que non hai coherencia entre uns datos e outros .
- A empresa INTERPARKING HISPANIA S.A propón un 108,73% de porcentaxe de incremento das prazas reservadas para residentes, resultando un total dun 41,35 % das prazas do aparcadoiro reservadas a residentes “ No Plan económico-financieiro presentado pola empresa, o numero total de prazas do aparcadoiro son 208 prazas e as prazas reservadas a residentes son 86,. polo que a oferta e coherente .
- A empresa SABA APARCAMENTO SA propón un 79,61 % de porcentaxe de incremento das prazas reservadas para residentes, resultando un total dun 35,92 % das prazas do aparcadoiro reservadas a residentes “ No Plan económico-financieiro presentado pola empresa, o numero total de prazas do aparcadoiro son 208 prazas e as prazas reservadas a residentes son 74, polo que a oferta e coherente.

Polo exposto considerase que pola Mesa de Contratación, si así o estima convínste deberá solicitarse aclaración as empresas CONTINENTAL PARKING S.L ; “UTE EMSERCO , SOGESEL , INGESER , ATLANTICA e EMPARK APARCAMENTOS E SERVIZOS S.A para que aclaren sen modificar a oferta presentada, a coherencia entre o porcentaxe de incremento de prazas de residente, o porcentaxe de prazas de residente en relación coa totalidade das prazas do aparcadoiro e as prazas previstas de residentes no Plan económico-financieiro.

Advertíndolles que no presente caso, podería ser de aplicación o disposto no apartado final da cláusula 14 do Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión do servizo publico do aparcadoiro situado na praza de Portugal , segundo o cal a mesa en resolución motivada excluírá da licitación as proposición nas que conorra algunha das seguintes circunstancias “que a proposición avaliable mediante formula non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida.

ALEGACIONES :

Unha das empresas licitadoras **INTERPARKING HISPANIA SA** presenta alegacións en relación coas ofertas presentadas por algunha das outras



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 02:53	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4C-E6CE4F-2DD63A-VVH7ZG-Z8ZXKA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

empresas.

PRIMEIRA

Na data **21 de decembro de 2015** a empresa INTERPARKING HISPANIA SA presenta escrito de alegacións en relación coas ofertas presentadas polas empresas CONTINENTAL PARKING SL e SABA APARCAMIENTO SA ; en concreto no contido dos apartados 2.5 e 2.6 considerando que as citadas empresas han de ser excluídas do concurso , xa que as ofertas de estas empresas para o período de rotación en tempo de menos de 60 minutos e superior a ofertada para a tarifa xeral ; indica que esta situación perturba a intencionalidade do prego que busca unha tarifa xeral de rotación e unhas tarifas menores para as estancias de menos de 60 minutos e de menos de 15 minutos .

Aínda que nas ofertas das empresas obxecto da alegación presentada , as tarifas ofertadas para as rotacións de menos de 60 minutos e de menos de 15 minutos non sexan inferiores a xeral ofertado polos licitadores , non se vulnera a a referencia ao prezo máximo xa que este esta fixado para a tarifa de rotación no Prego en 0,0300 € e as ofertas presentadas polos licitadores son inferiores a este prezo .

Considerase que non procede a exclusión da licitación destas ofertas tal e como solicita a empresa INTERPARKING HISPANIA SA , non obstante esta previsto no prego que para outorgar puntuación por estes criterios e necesario que a tarifa resultante sexa inferior a fixada no apartado 2.1 circunstancia que non se cumpre na oferta presentada por CONTINENTAL PARKING SL nos criterios regulados nos números 2.5 e 2.6 e SABA APARCAMIENTO SA no criterio regulado no numero 2.5

SEGUNDA

No escrito de data **23 de decembro de 2015** tamén consideran que han de ser excluídas do concurso as empresas CONTINENTAL PARKING SL y EMPARK polos seguintes motivos

Manifesta o alegante que :

a Cláusula 16 apartado 2.3 establece “ Porcentaxe de diminución do importe fixado para os abonos mensuais de automóviles na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares : valorarase con ata 10 puntos ;

a Cláusula 16 apartado 2.2. establece ” Porcentaxe de diminución do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 02:53	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4C-E6CE4F-2DD63A-VVH7ZG-Z8ZXKA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

importe fixado para os abonos mensuais de automóbiles na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares a aplicar aos residentes :valorarase con ata 14 puntos ;

Do anterior se deduce que será valorable o porcentaxe de diminución do importe dos abonos mensuais de automóbiles a aplicar aos residentes cando o importe do abono mensual resultante para cada fracción temporal sexa inferior o igual aos correspondentes abonos mensuais absolutos para cada fracción temporal fixado no apartado 2.3. e que en ningún caso os importes dos abonos mensuais a aplicar aos residentes para cada fraccións temporal poderán ser superiores aos importes dos respectivos abonos mensuais máximos establecidos no apartado 2.3. xa que en este caso os residentes resultaran penalizados en comparación cos no residentes o que contravén o espírito dos Pregos que pretenden beneficiar aos residentes ; si se puntuase estaríase burlando o sistema de puntuación fixado no prego . Manifestan que CONTINENTAL PARKING S.L oferta un 78% de diminución na tarifa para residentes e un 99% de diminución na tarifa de abono normal con o que desbaratan de tal forma seus importes de abonos máximos do apartado 2.3 que non son máximos e que vulneran o apartado 2.3 da cláusula 16 do Prego de Condicións Administrativas Particulares dándose a paradoxa que o residente paga hasta 13,20 veces mais cun no residente .

Manifestan que EMPARK oferta un 34% de diminución na tarifa para residentes e un 95% na tarifa de abono normal con o que desbaratan de tal forma seus importes de abonos máximos do apartado 2.3 que non son máximos e que vulneran o apartado 2.3 da cláusula 16 do Prego de Condicións Administrativas Particulares dándose a paradoxa que o residente paga hasta 22 veces mais cun no residente .

Polo exposto considera que ambas empresas han de quedar fora do concurso e para no caso de que non se considere que as vulneracións mencionadas non son suficientes para a súa exclusión do concurso o criterio debe ser o de puntuar como importes o tarifas máximas as que de verdade presentáronse .

A vista do contido da alegación e do exame do contido das cláusulas dos pregos que rexen o presente contrato desprendese a intencionalidade recollida nos mesmos, de beneficiar aos residentes tanto pola obrigatoriedade de reservar un numero mínimo de prazas para os mesmos -un 20%- porcentaxe que pode ser mellorado polos licitadores nas súas ofertas (apartado 2.4 dos criterios avaliábles mediante formula) como pola valoración da diminución dos importes dos abonos a aplicar aos mesmos (apartado 2.2 dos criterios avaliábles mediante formula).

Non obstante nada figura nos pregos de condicións que rexen o presente concurso en relación con que a tarifa dos abonos de residentes teña que ser menor que a tarifa dos abonos de non residentes, polo que ao non figurar regulado non pode ser considerado como un motivo de exclusión dos licitadores nin e posible modificar a aplicación dos criterios de valoración tal e como solicita o alegante .

Se remite o presente informe a Mesa de Contratación incluíndose no mesmo as alegacións presentadas pola empresa **INTERPARKING HISPANIA SA**, e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 02:53	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4C-E6CE4F-2DD63A-VVH7ZG-Z8ZXKA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

o informe sobre as mesmas”.

A cláusula 14 do PCAP regula a forma de presentación das ofertas. No seu apartado 5 establece o contido do SOBRE C: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA:

“Deberán incluírse neste sobre os seguintes **documentos**:

1. Modelo de proposición incluído no Anexo II.
2. Proposta do Plan económico e financeiro.”

A continuación detalla o contido do Plan económico e financeiro e prescribe que “Toda a información se aportará co máximo nivel de detalle, garantindo a coherencia, fiabilidade e viabilidade dos datos propostos. O Estudo incluirá as previsións da evolución das actividades, así como o número de abonados titulares segundo a diversidade do proxecto de xestión. En calquera caso a xustificación de viabilidade esixe que o resultado final debe ser positivo”. E finaliza establecendo os criterios de rexeitamento das proposicións “A Mesa, en resolución motivada, **excluirá** da licitación as proposicións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que a proposición avaliable mediante fórmula non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida.
- Se apartase substancialmente do modelo establecido.
- Comportase erro manifesto nos importes da proposición.
- Existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable”.

Así mesmo, a cláusula 18.2 determina que “2.- A Mesa poderá acordar, motivadamente, propoñer ó órgano de contratación o rexeitamento das proposicións inicialmente admitidas, sempre e cando a documentación relativa á proposición avaliable mediante xuízo de valor e/ou proposición avaliable mediante fórmula que conteñan, contradiga as previsións dos Pregos. Desta circunstancia darase coñecemento inmediato ó licitador rexeitado por correo electrónico ou fax para os efectos oportunos”. Con respecto ó rexeitamento de proposicións establece o artigo 84 do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro que “Si algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 02:53	Páxina 7 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4C-E6CE4F-2DD63A-VVH7ZG-Z8ZXKA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desechada pola mesa, en resolución motivada. Pola contra, o cambio ou omisión dalgunhas palabras do modelo, con tal que o uno ou a outra non alteren o seu sentido, non será causa bastante para o rexeitamento da proposición”.

No entanto, é doutrina consolidada, tanto dos órganos consultivos como dos tribunais administrativos especiais en materia de recursos contractuais que con carácter previo á exclusión dun licitador por error na presentación da oferta é preciso concederlle un prazo de subsanación ou aclaración. Neste senso, establece a a Resolución 297/2012, de 21 de decembro, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, que «unha interpretación literal das condicións esixidas para tomar parte nos procedementos administrativos de contratación, e un excesivo formalismo que conduza á non admisión de proposicións por simples defectos formais, facilmente subsanables, é contrario aos principios que deben rexer a contratación pública enunciados no artigo 1 TRLCSP, a liberdade de concorrencia e a eficiente utilización dos fondos públicos, que esixen que nos procedementos de adxudicación dos contratos deba tenderse a lograr a maior concorrencia posible, sempre que os candidatos cumpran os requisitos establecidos». Non só é subsanable a documentación administrativa, senón tamén a documentación que se refire á propia oferta, proposición económica ou documentación técnica (Acordo 77/2014, de 15 de decembro de 2014, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón). Doutrina que acolle á fixada polo Tribunal de Xusticia da UE segundo a cal cando unha oferta requira aclaracións suplementarias ou cando se trate de corrixir erros materiais de redacción, é contraria ó principio de boa administración a desestimación das ofertas sen exercer esa facultade de solicitar as mesmas (Sentenza de 10 de decembro de 2009 [TJCE 2009, 386]; As. T-195/08, Antwerpse Bouwwerken NV/Comisión, apartado 56).

Á vista das consideracións expostas, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes **acorda**:

“1º.- Conceder un prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte á recepción da solicitude, ós licitadores CONTINENTAL PARKING, S.L, EMPARK APARCAMENTOS E SERVIZOS, S.A., e a UTE formada polas mercantís EMSERCO, SOGESEL, INGESER e ATLANTICA, para que aclaren, sen modificar a oferta presentada, os seguintes extremos das súas ofertas:

- **Con relación ó criterio avaliable mediante fórmula recollido no apartado 2.3 da cláusula 16ª.2. “Porcentaxe de diminución do importe fixado para os abonos mensuais de automóbiles na cláusula 8 PCAP”: en que paxina do Plan económico-financeiro e con que numero, se prevé o numero de abonos de no residentes que existirán no aparcadoiro.**
- **Con relación ó criterio avaliable mediante fórmula recollido no apartado 2.4 da cláusula 16ª.2 “Incremento da porcentaxe de prazas reservadas para residentes”: a coherencia do porcentaxe de incremento de prazas de residente co porcentaxe total de prazas de residentes fixados no modelo de proposición, e a**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 02:53	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4C-E6CE4F-2DD63A-VVH7ZG-Z8ZXKA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN**

coherencia de ambos en relación coa totalidade das prazas do aparcadoiro e as prazas previstas de residentes no Plan económico-financeiro.

Advertíndolles que están incursas nunha posible causa de exclusión consonte as cláusulas 14 e 18 do PCAP e o artigo 84 do RLCAP.

2º.- Dar traslado da acta da presente sesión ó licitador INTERPARKING HISPANIA, S.A., ós efectos de coñecer a resposta as alegacións formuladas nos escritos de datas 21 e 23 de decembro de 2015”.

3. Aprobación da acta da presente sesión

Por unanimidade dos membros da Mesa asistentes á presente sesión, aprobase a acta da mesma.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 14:35 horas. De todo elo eu secretaria dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

A Secretaria

D. David Regades Fernández

Dna. Beatriz Barbará Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 02:53	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4C-E6CE4F-2DD63A-VVH7ZG-Z8ZXKA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		